

CONVOCATORIA 2026 DE AXUDAS ECOBAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE I+D+I

O Centro de Investigación Interuniversitario Economics and Business Administration for Society (ECOBAS), é un centro de investigación interuniversitario no ámbito da economía e a empresa que desenvolve a súa actividade especificamente no eido da sostibilidade económica, social e ambiental para tratar de dar resposta aos desafíos actuais a través da investigación, a transferencia de coñecemento, a innovación e a docencia, captando e potenciado o talento investigador con capacidade de liderado científico.

Para tales efectos, a Dirección de ECOBAS acorda publicar en réxime de concorrencia competitiva a **Convocatoria 2026 de Axudas ECOBAS para a Realización de Actividades de I+D+I**, como unha oportunidade para promover e apoiar a realización de actividades de I+D+I por parte do seu persoal, que posibiliten o desenvolvemento das liñas estratéxicas da **[Axenda Científica de ECOBAS](#)**, contribuíndo ao impulso da proxección e prestixio científico de ECOBAS como centro de investigación.

BASES E CONVOCATORIA

1. OBXECTO

A presente convocatoria ten por obxecto promover e apoiar a realización de actividades de I+D+I que desenvolvan unha investigación de excelencia en economía, faciliten a transferencia de resultados científicos, fomenten a colaboración interdisciplinar xerando alianzas estratéxicas, e promovan accións de formación innovadora, contribuíndo a consecución dos obxectivos estratéxicos establecidos no Plan de Acción de ECOBAS:

OE1. Exercer un liderado científico no estudo da sostibilidade a través da diferenciación, a especialización, e a investigación de fronteira.

OE2. Captar e potenciar o talento investigador con capacidade de liderado científico.

OE3. Fomentar e potenciar a formación de calidade e a súa internacionalización.

OE4. Promover unha maior visibilidade, posicionamento e recoñecemento internacional.

OE5. Acadar un maior impacto e proxección económica e social.

OE6. Posicionar a ECOBAS como centro de referencia na investigación en sostibilidade.

2. CARACTERÍSTICAS DAS AXUDAS

TIPO 1 – REUNIÓN CIENTÍFICAS	Organización de congresos, <i>workshops</i> , conferencias, mesas redondas, charlas, realizadas dende o 1 de abril de 2026 e antes do 30 de setembro de 2026 .
TIPO 2 – CURSOS DE VERÁN	Organización de cursos de verán, realizados dende o 15 de xuño de 2026 e antes do 30 de setembro de 2026 .

2.1. ACTIVIDADES TIPO 1 – REUNIÓN CIENTÍFICAS

Estas axudas teñen por obxecto promover e apoiar a organización de actividades científicas e de difusión relacionadas coa [Axenda Científica de ECOBAS](#), que estean dirixidas a un público académico especializado, así como actividades divulgativas dirixidas ao público en xeral.

TIPOLOXÍA DE ACTIVIDADES FINANCIABLES	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Congresos ▪ Workshops e conferencias ▪ Cursos ▪ Mesas redondas ▪ Charlas divulgativas
--	--

2.1.1. CONCEPTOS FINANCIABLES ACTIVIDADES TIPO 1 – REUNIÓN CIENTÍFICAS

TIPO DE CUSTE	DESCRIPCIÓN
DESPRAZAMENTO	<p>Custes de desprazamento das persoa relatora/docente.</p> <p>Para utilizar medios distintos do transporte público, deberá presentarse acompañando ao formulario de solicitude de axuda escrito xustificativo da imposibilidade de utilizar transporte público, para que a Comisión Avaliadora da presente convocatoria poida valorar a súa viabilidade.</p>
ALOXAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Congresos - Workshops: custes de aloxamento por persoa relatora/docente sempre que o xustifique a duración da actividade. O número máximo de días de aloxamento financiado será de tres.

	<ul style="list-style-type: none"> • Conferencias – Mesas redondas – Charlas: custes de aloxamento por persoa relatora/docente sempre que o xustifique a duración da actividade. O número máximo de días de aloxamento financiado será de dous. <p>Os custes de aloxamento axustáranse sempre aos límites de gasto para tal fin establecidos pola normativa institucional que sexa de aplicación no momento da reserva.</p>
COFFEE BREAK	<p>Custes derivados da contratación dos servizos dunha empresa para servir o <i>coffee break</i> de traballo da actividade ata un máximo de 10€ por persoa e día, sempre que se recolla no programa.</p> <p>Non serán elixibles gastos de comidas ou atencións protocolarias.</p>
RETRANSMISIÓN E GRAVACIÓN	<p>Custes derivados da contratación dunha empresa para a retransmisión e/ou gravación do evento. O financiamento deste tipo de custes conleva que ECOBAS será o propietario das gravacións resultantes, e o posuidor dos dereitos de uso desas imaxes.</p>
PAGO Á PERSOA RELATORA/DOCENTE	<p>Financiaranse os pagos á persoa relatora/docente allea ás universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG).</p> <p>Os importes de pago á persoa relatora/docente serán acordos ao indicado na Proposta de pago por docencia e coordinación nos títulos propios da UVigo</p>

2.2. ACTIVIDADES TIPO 2 – CURSOS DE VERÁN

Estas axudas teñen por obxecto promover e apoiar a organización de actividades formativas especializadas relacionadas coa [Axenda Científica de ECOBAS](#), que estean dirixidas á comunidade académica, tanto a persoal pertencente a universidades do SUG coma a outros centros de investigación.

2.2.1. CONCEPTOS FINANCIABLES ACTIVIDADES TIPO 2 – CURSOS DE VERÁN

TIPO DE CUSTE	DESCRIPCIÓN
DESPRAZAMENTO	<p>Custes de desprazamento do/a docente, sempre que sexan viaxes en transporte público.</p> <p>Para utilizar medios distintos do transporte público, deberá presentarse acompañando ao formulario de solicitude de axuda escrito xustificativo da imposibilidade de utilizar transporte público, para que a Comisión Avaliadora da presente convocatoria poida valorar a súa viabilidade.</p>
ALOXAMENTO	<p>Custes de aloxamento do/a docente sempre que o xustifique a duración da actividade. O número máximo de días de aloxamento financiado será de tres.</p> <p>Os custes de aloxamento axustáranse sempre aos límites de gasto para tal fin establecidos pola normativa institucional que sexa de aplicación no momento da reserva.</p>
RETRANSMISIÓN E GRAVACIÓN	<p>Custes derivados da contratación dunha empresa para a retransmisión e/ou gravación do evento. O financiamento deste tipo de custes conleva que ECOBAS será o propietario das gravacións resultantes, e o posuidor dos dereitos de uso desas imaxes.</p>

PAGO DOCENTES	A Financiaranse os pagos a o/a docente alleo á universidades do SUG. Os importes de pago a o/a docente serán acordos ao indicado na Proposta de pago por docencia e coordinación nos títulos propios da UVigo
--------------------------	---

3. SOLICITANTES

Poderá participar nesta convocatoria persoal investigador adscrito, membro de ECOBAS ratificado polo Consello Reitor.

4. CONTÍA

A contía inicial dispoñible é de 6.000€, imputada á partida 2026 00VI 131HIDI 6450309, financiada pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades y Formación Profesional.

No caso de esgotamento do crédito inicial dispoñible, a Dirección de ECOBAS ao fin de poder financiar o número máximo posible de solicitudes que foran mellor valoradas, poderá sen necesidade dunha nova convocatoria liberar máis crédito para a mesma finalidade de actuacións, aumentando a contía inicial dispoñible, esta será asignada segundo a orde de prelación que figure na listaxe de agarda.

5. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDE

As solicitudes serán remitidas pola persoa solicitante enviando por cada actividade para a que se solicite financiación o **formulario de solicitude (Anexo I)** ao enderezo de correo electrónico: ecobas@ecobas.gal, xunto á **declaración de axudas (Anexo II)** e a documentación requirida segundo a tipoloxía de actividade.

TIPO DE ACTIVIDADE	DOCUMENTACIÓN
ACTIVIDADES TIPO 1 – REUNIÓN CIENTÍFICAS	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Congresos: programa provisional no que conste a relación prevista de persoas relatoras e as actividades a realizar. Relación de membros do Comité Organizador e/ou Comité Científico se é o caso. ▪ Workshops: programa provisional no que conste a relación prevista de persoas relatoras/docentes e as actividades a realizar. ▪ Conferencias – Mesas redondas – Charlas: programa provisional no que conste a actividade a realizar. Breve currículo da persoa/s relatora/s. ▪ Escrito xustificativo de imposibilidade de utilizar transporte público (só se procede).
ACTIVIDADES TIPO 2 – CURSOS DE VERÁN	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Programa provisional no que conste a relación prevista de docente/s e as actividades a realizar.

	<ul style="list-style-type: none"> Escrito xustificativo de imposibilidade de utilizar transporte público (só se procede).
--	---

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación da presente convocatoria na páxina web de [ECOBAS](#) e finalizará o **1 de setembro de 2026 ás 23:59h**.

6. AVALIACIÓN E SELECCIÓN DE SOLICITUDES

O outorgamento destas axudas farase mediante avaliación realizada pola Comisión de Avaliación das solicitudes presentadas, establecendo unha prelación entre as mesmas de acordo aos seguintes criterios de avaliación:

1. CRITERIO IMPORTANCIA ESTRATÉXICA PARA ECOBAS	PUNTUACIÓN
1.1. Integración coas prioridades da Axenda Científica de ECOBAS	15
1.2. Reforzo do posicionamento e visibilidade de ECOBAS	15
2.2. Carácter interuniversitario: actividades organizadas por membros ECOBAS pertencentes a distintas universidades do SUG	20
2. CRITERIO ÁMBITO E CALIDADE DA ACTIVIDADE	PUNTUACIÓN
2.1. Ámbito da actividade: No caso dos congresos internacionais (tendo en conta a composición do comité científico e/ou organizador), nos que participen polo menos 3 países, que sexan avaliados por organizacións de prestixio, nos que o coordinador/a sexa un profesor/a da UDC, USC, UVigo	Nacional: 10 Internacional: 20
2.3. Relevancia profesional das persoas relatoras ou docentes en relación a Axenda Científica de ECOBAS	10
2.4. Paridade de xénero: paridade no comité organizador e relatores	10
3. CRITERIO IMPACTO	PUNTUACIÓN
3.1. Número estimado de participantes de ECOBAS e outros	10
TOTAL	100

A Comisión de Avaliación estará integrada polos seguintes membros de ECOBAS:

Presidencia: María Loureiro García.

Secretaria: Emma María Iglesias Vázquez.

Vogal: Pablo Cabanelas Lorenzo

Os membros da Comisión de Avaliación absteneranse de intervir cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

No caso da concorrencia de circunstancias de abstención de intervir no procedemento de avaliación dalgunha solicitude/s por parte dalgún dos membros da Comisión de Avaliación, esa solicitude/s serán avaliadas polo membro homónimo da Comisión de Avaliación Suplente integrada por:

Presidencia: Isabel Neira Gómez.

Secretaría: Jesús López Rodríguez.

Vogal: Miguel González Loureiro.

7. CONCESIÓN E NOTIFICACIÓNS DAS AXUDAS

O órgano competente para a concesión de estas axudas será a Comisión de Avaliación e será o encargado de ditar a resolución de adxudicación das axudas, así como a listaxe de agarda.

Periodicamente publicarase unha resolución provisional de persoas admitidas e excluídas na páxina web de [ECOBAS](http://ecobas.gal), con indicación das causas de exclusión.

As persoas excluídas disporán dun prazo de cinco días naturais, contados a partir do día seguinte da citada resolución, para poder emendar ou acompañar os documentos que motivaron a súa exclusión. Se transcorrido o devandito prazo non se emendou a solicitude, entenderase por desistida da súa petición.

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado no formulario de solicitude sen que estas teñan a consideración de notificación.

Contra esta resolución as partes interesadas poderán presentar solicitude de revisión de avaliación, mediante correo electrónico enviado a ecobas@ecobas.gal, no prazo de 5 días hábiles, contados dende o día seguinte da publicación da resolución na páxina web de [ECOBAS](http://ecobas.gal). O/a solicitante será convocado para recibir información adicional da avaliación feita pola Comisión de

Avaliación. Se despois da revisión procedese, se modificaría a proposta da Comisión de Avaliación. De existir crédito dispoñible no momento da resolución definitiva, este será asignado segundo a orde de prelación que figure na lista de agarda.

8. PROCEDIMENTO DE TRAMITACIÓN DOS GASTOS

Os gastos financiados mediante esta axuda tramitaranse dende a unidade de xestión de ECOBAS, comprometéndose as persoas beneficiarias destas axudas a facilitar os datos e documentos que se lles soliciten para tal fin, **nun prazo de polo menos 10 días antes da data de celebración da actividade obxecto da axuda.**

Para garantir o pago dos gastos financiados con cargo a esta axuda para cada un dos tipos de actividade, é preciso contratar os servizos con provedores dados de alta no sistema contable da Universidade de Vigo.

Os gastos financiados deberán estar debidamente soportados en facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, de acordo ás obrigas de facturación e aos requisitos para a tramitación de custes que a Universidade de Vigo teña vixentes.

O importe dos gastos financiados que figure na factura ou documento contable de valor probatorio equivalente presentado como xustificante de gasto non poderá exceder das contías máximas financiados segundo concepto.

Para a xestión económica dos gastos poderase contactar en calquera momento coa unidade de xestión de ECOBAS para solicitar asesoramento e/ou apoio na tramitación. Prégase que no caso de precisar soporte por parte da unidade de xestión contáctese coa máxima antelación para garantir o cumprimento do servizo. Para máis información sobre o procedemento de tramitación ou no caso de calquera dúbida, contactar sempre antes coa unidade de xestión de ECOBAS.

9. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas beneficiarias das axudas deberán manter os requisitos que deron lugar á concesión ata o cumprimento de todas as obrigas establecidas nesta convocatoria:

- a) Comprometerse a solicitar as axudas análogas das Universidades, á Xunta de Galicia, e os Ministerios que corresponda, en caso de existir convocatoria deste tipo en calquera momento do ano 2026, e de cumprir os requisitos. De ter solicitado algunha destas axudas comunicarse ao presentar a solicitude cumprimentado o documento Anexo II. Declaración de Axudas, e de serlle concedida algunha destas axudas deberá comunícalo á Dirección de ECOBAS no momento en que se produza a concesión, para proceder á rescisión total ou, de ser o caso, parcial da axuda concedida por ECOBAS. O importe total das axudas concedidas non poderá en ningún caso exceder o custo total da actividade.
- b) Seguir o procedemento de tramitación indicado nesta convocatoria.
- c) Incluír o logotipo de ECOBAS, o da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades y Formación Profesional e o da Universidade de Vigo no material da actividade (*O logo de ECOBAS está dispoñible en [Logo ECOBAS](#). O logo de Consellería de Educación, Ciencia, Universidades y Formación Profesional está dispoñible en [Identidade Consellería](#). O logo da Universidade de Vigo está dispoñible en [Logo UVIGO](#) e a identidade corporativa da Uvigo está en [Identidade corporativa Uvigo](#)). E mencionar en todas as publicacións, comunicacións, información e documentación que se derive da actividade realizada para a que se solicitou o financiamento, a colaboración e financiamento de ECOBAS e da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades y Formación Profesional.
- d) Dar acceso á actividade organizada, de forma prioritaria, ao persoal vinculado a ECOBAS.
- e) Facilitar a retransmisión e/ou gravación da actividade, outorgando os consentimentos pertinentes relativos á cesión de dereitos de imaxe.
- f) No prazo de dez días contado dende a data de remate da actividade para a que se solicita a axuda deberase presentar un informe final que conteña:
- f.1.)** Resumo dos resultados da actividade en relación aos obxectivos propostos.
 - f.2.)** Informe económico detallando todos os gastos realizados con cargo a axuda recibida.
 - f.3.)** Documentación que acredite a publicidade da colaboración prestada por ECOBAS e pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades y Formación Profesional.

f.4.) Permiso de utilización por parte de ECOBAS do material gráfico, visual ou radiofónico da actividade, coa finalidade de crear unha base de datos de actividades promovidas por ECOBAS.

O non cumprimento desta obriga dará lugar ao inicio de procedemento de devolución da asignación concedida.

10. INCOMPATIBILIDADES

Estas axudas propias para persoal de ECOBAS son incompatibles con calquera outra axuda de entidades públicas e privadas para a mesma finalidade e/ou período que financie o custo total da actividade. Sen embargo, ao tratarse dunha axuda de financiamento parcial, poderá completarse con cargo a outras fontes de financiamento como, outras axudas ou subvencións, proxectos de investigación, outros ingresos ou recursos, sempre que o importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, de xeito illado ou en concorrencia con outras fontes de financiación, supere o coste total da actividade financiada, para o que a persoa beneficiaria deberá acreditar documentalmente os gastos realizados.

11. PUBLICIDADE, TRANSPARENCIA E TRATAMENTO DE DATOS

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPD") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que se facilitan na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade de ECOBAS, coa finalidade de xestionar a Convocatoria 2024 de Axudas ECOBAS para a Realización de Actividades de I+D+i, e amparados pola Lei 14/2011, de 1 de xuño da ciencia, tecnoloxía e a innovación.

Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á ECOBAS para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria de axudas. Non obstante e co fin de previr riscos para a

publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.es.

Estes datos trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da dita finalidade e do tratamento dos datos.

Mediante o cumprimento do formulario de recollida de datos persoais, a persoa participante consente expresamente o citado tratamento aos efectos de cumprir coa descrita finalidade e terá o dereito a retirar o devandito consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos.

A persoa participante ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

12. RENUNCIAS, INCUMPRIMENTO, DEVOLUCIÓN E SANCIÓN

A renuncia á asignación concedida farase mediante documento escrito indicando os motivos da renuncia dirixido á Dirección de ECOBAS quen ditará a resolución correspondente.

O incumprimento das obrigas contidas nesta convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución da concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as axudas percibidas.